

## **ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL REALIZADA O DÍA 16 DE DECEMBRO DO 2013.**

=====

No Concello de Cangas, cando son as vinte horas e dez minutos do día dezaseis de decembro do dous mil trece, previa convocatoria, reúnen os/as seguintes concelleiros/as: D. Bernardino Faro Lagoa, D. Rafael Soliño Costas, D. Pío Millán Blanco, D<sup>a</sup> Dolores Gallego Santos, D. José Luis Gestido Porto e D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Lucía Lede Fernández, SUPLENTE: D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Luisa Prieto Rial, baixo a presidencia do Sr. alcalde, Jose Enrique Sotelo Villar, asistidos por min a secretaria xeral, D<sup>a</sup> Berta Alonso Soto e a interventora, D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Jesús Piñeiro Bello, coa finalidade de realizar sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local, convocada para o día de hoxe, en primeira convocatoria.

Non asiste á sesión a concelleira, D<sup>a</sup> Berta Pérez Hernández.

Pola presidencia declarouse aberta a sesión, pasándose a tratar os seguintes puntos da orde do día:

### **1º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DAS ACTAS DAS SESIÓNS ANTERIORES REALIZADAS EN DATAS 2 E 9 DE DECEMBRO DO 2013.**

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acordou, aprobar os borradores das actas das sesións anteriores da Xunta de Goberno Local, realizadas en datas 2 e 9 de decembro do 2013.

### **URBANISMO E VIVENDA**

### **2º.- INFORME PROPOSTA DE RESOLUCIÓN DE DATA 12 DE DECEMBRO DO 2013, DA XEFA DE URBANISMO S/OUTORGAMENTO DE LICENZAS DE OBRAS E DE APERTURAS DE ESTABLECEMENTOS.**

#### **2.A) APROBACIÓN DOS SEGUINTE EXPEDIENTES DE OBRAS:**

2.A.1) LICENZA DE OBRAS MAIORES.- Examinados os expedientes de obras tramitados a instancia de parte, e tralos informes técnicos e xurídicos a eles incorporados, a Xunta de Goberno Local acordou o seguinte: outorga-las seguintes licenzas urbanísticas, deixando a salvo o dereito de propiedade e os de terceiros. O acto de edificación ou uso do solo realizarase de conformidade coa documentación presentada, ás condicións particulares e ás seguintes condicións xerais:

1ª.- Os efectos das licenzas que se conceden, son puramente urbanísticos, a reserva e con absoluta independencia da obriga inescusable que recae nos seus titulares de obter, de se-lo caso, as preceptivas autorizacións dos outros organismos con competencias concorrentes nesta cuestión (Xefatura Provincial de Estradas, Deputación Provincial, Autoridade Portuaria de Vigo, Xefatura de Costas de Pontevedra, Comisión Provincial de Patrimonio Histórico-Artístico, etc.).

2ª.- Advírteselle ó/á interesado/a que esta licenza carece de validez en tanto o técnico aparelador municipal non efectúe a operación de "tira de cordas", polo que o/a interesado/a deberá solicitar que esta se leve a cabo antes de comeza-las obras.

3ª.- Deberá presentar no concello tres informes por escrito do estado das obras e da súa adecuación ó proxecto e á licenza municipal na que se amparan, nas seguintes fases da obra:

a) Cando as fábricas, tanto interiores como exteriores, estean iniciadas sobre o rasado da cimentación.

b) Cando estea rematada a estrutura do teito correspondente á altura total da edificación.

c) Cando estea finalizada a obra.

4ª.- Antes do inicio das obras deberá colocarse un valado de protección, que non poderá impedi-lo tránsito público para o que deberá obter, previamente, licenza municipal. O valado deberá acomodarse ás prescricións de seguridade do persoal empregado nas obras e para as persoas que transiten pola vía pública.

5ª.- Deberá colocarse un cartel de dimensións mínimas de 1,70 x 0,84 metros, onde figure o número e data da licenza, número de andares e nomes do promotor, arquitecto, aparelador e constructor. O titular da licenza adoptará tódalas medidas de seguridade previstas na normativa vixente.

6ª.- Deberá ter, na obra, a licenza e o proxecto selado polo concello a disposición dos funcionarios municipais.

7ª.- De conformidade co disposto no artigo 35 do RDL 1/92 do 26 de xuño, os prazos de iniciación, interrupción máxima e remate das obras, fíxanse en:

a) Iniciación: dentro dos doce meses seguintes ó outorgamento da licenza.

b) Interrupción máxima: seis meses, debendo comunicárselle ó concello. Indícase que, con carácter excepcional e por só unha vez, outorgarase prórroga cando se xustifique que a interrupción obedeceu a motivos de forza maior.

c) Remate das obras: dentro dos trinta e seis meses seguintes ó outorgamento da licenza.

8ª.- A edificación non poderá ser ocupada en ningún dos seus andares ata que as obras estean completamente rematadas, nese momento solicitaráselle ó concello a preceptiva licenza de primeira ocupación, achegando certificado de final de obra asinado polos directores desta e visado polos colexios correspondentes. En dito certificado especificarase que as obras se axustan ás condicións da licenza municipal e, así mesmo, achegarase documento acreditativo de que a obra foi dada de alta para os efectos do imposto sobre bens inmóbeis e escritura de división horizontal ou de declaración de obra nova, segundo os casos.

9ª.- O comezo da obra e a efectividade da licenza estará condicionada, en todo caso, á presentación no concello de un exemplar do proxecto de execución.

10ª.- Cando nas proximidades das obras que se autorizan existan instalacións de redes de servizos públicos que poidan resultar afectadas pola realización das obras, o titular da licenza daralle conta diso ó concello e estará obrigado a repoñer, ó seu estado anterior, os desperfectos que puidesen ocasionarse, ou sufraga-los gastos. Suspenderase a efectividade da licenza concedida mentres non se cumpra a obriga citada.

11ª.- Toda variación que se produza no proxecto presentado, así como, na dirección técnica ou empresa constructora, deberáselle comunicar ó concello para a súa conformidade.

12ª.- Antes de comeza-la construción a que fai referencia esta licenza, o promotor das obras deberá instalar no límite da parcela contiguo ó camiño ó que dá fronte, un foxo de formigón protexido cunha reixa co único fin de limpiar as rodas dos vehículos que se empreguen na obra, especialmente en épocas de choiva, co obxecto de evita-la perda de area nos viais de comunicación co conseguinte risco para a circulación rodada.

\* Calquera dos incumprimentos do condicionado suporá a SUSPENSIÓN INMEDIATA das obras, de conformidade co indicado no art. 209.1 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia.

\*\*\*

## MAIORES

EXPEDIENTE N° 22.022.- LICENZA MUNICIPAL N° 21.450.- A Alfonso de Miguel Melantuche, con enderezo en Cabo Higer 3 - Las Rozas - 28290 - Madrid, outorgaselle un novo prazo de TRINTA E SEIS MESES para o remate das obras amparadas na referida licenza, de conformidade co disposto no art. 197.2 da Lei 9/2002, de 30 de decembro, de Ordenación urbanística e protección do medio rural de Galiza.

EXPEDIENTE N.º 23.022.- LICENZA MUNICIPAL N° 22.552.- A Natividad Lagoa Cabral, con enderezo en Avda. De Moaña 13 - Cangas, outorgaselle un novo prazo de TRINTA E SEIS MESES para o remate das obras amparadas na referida licenza, de conformidade co disposto no art. 197.2 da Lei 9/2002, de 30 de decembro, de Ordenación urbanística e protección do medio rural de Galiza.

EXPEDIENTE N° 23.029.- LICENZA MUNICIPAL N° 22.291.- A Urbano Malvido Otero, con enderezo en Avda. De Castroviejo 43 - 2o - Cangas, outorgaselle un novo prazo de TRINTA E SEIS MESES para o remate das obras amparadas na referida licenza, de conformidade co disposto no art. 197.2 da Lei 9/2002, de 30 de decembro, de Ordenación urbanística e protección do medio rural de Galiza.

EXPEDIENTE N° 24.675.- A Anselmo López Carreira, con enderezo en Derribo 7 - 6ºH - Cangas para en Cunchido - Darbo, en solo de núcleo rural, regulado pola ordenanza 11, construír unha vivenda unifamiliar de 67,50 m2 de planta baixa, de conformidade co proxecto visado o 9 de xullo de 2.013, a que antes do comezo das obras presente o proxecto de execución, oficios de dirección e estudo de seguridade, a utilizar os materiais que sinala a LOUGA para os núcleos rurais e a formalizar ante o Catastro a modificación que plantexa a presente licenza.

Acéptaselle a cesión gratuita de terreo para o vieiro efectuada con data 12 de decembro de 2.013.

Simultaneamente á edificación deberá complementar a urbanización das frontes de parcela aceptándose o aval en garantía da mesma por importe de 944,82 euros.

EXPEDIENTE N° 24.810.- A Juan Manuel Iglesias Pórtela, con enderezo en Pintor Laxeiro 13 baixo - Vigo para en Pintens - Hio, en solo de núcleo rural, regulado pola ordenanza 12, construír unha vivenda unifamiliar de 135,00 m2 de planta baixa, de conformidade co proxecto de agosto °\*de 2.013, a que antes do comezo das obras presente o proxecto de execución, oficios de

dirección e estudo de seguridade, a utilizar os materiais que sinala a LOUGA para os núcleos rurais e a formalizar ante o Catastro a modificación que plantexa a presente licenza.

Acéptaselle a cesión gratuita de terreo para o vieiro efectuada con data 21 de xullo de 2.011.

Simultaneamente á edificación deberá complementar a urbanización das frontes de parcela aceptándose o aval en garantía da mesma por importe de 1.091,05 euros.

Cangas, 12 de decembro de' 2.013

\*\*\*

## 2.A.2) DENEGACIÓN DOS SEGUENTES EXPEDIENTES DE OBRAS:

## 2.A.3) INFORMACIÓN URBANÍSTICA DOS SEGUENTES EXPEDIENTES DE OBRAS:

### INFORMES URBANISTICOS

EXPEDIENTE Nº 2 4.8 60.- A PROMOTORA MADAJUNCAL S.L., con enderezo en Avda. De Bueu 17 entrechan - Cangas, facilítaselle a seguinte información urbanística para terreo sito en^ Escote - Darbo:

"O Concello de Cangas conta con Normas Subsidiarias de Planeamento aprobadas definitivamente por acordo da Comisión Provincial de Urbanismo de data 7 de outubro de 1.994. A parcela sinalada na documentación gráfica aportada presenta a seguinte ordenación urbanística de acordo co disposto ñas vixentes Normas Subsidiarias de Planeamento do Concello de Cangas.- Clasificación urbanística do solo.- solo de núcleo rural.

Calificación urbanística do solo.- urno, solo urbano de núcleo rural.

A parcela obxeto da información desenrolouse e aprobouse, de acordo coas determinacións urbanísticas establecidas ó respecto na ordenanza de aplicación urnu, o correspondente estudo de detalle e reparcelación voluntaria".

EXPEDIENTE S/Nº .- A CONSELLERIA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUCTURAS, con enderezo en Fernandez Ladreda 43 - Io - Pontevedra, facilítaselle a seguinte información urbanística en relación coa solicitude formulada por CAPITAN MORRAZO S.L., Ref. Expte. A-PO-2013/98, para legalización de piscina e pista polideportiva, en Baixada .a Praia de Menduiña - Aldan: "O Concello de Cangas conta con Normas Subsidiarias de Planeamento aprobadas definitivamente por acordo da Comisión Provincial de Urbanismo de data 7 de outubro de 1.994. A parcela sinalada na

documentación gráfica aportada presenta a seguinte ordenación urbanística de acordo co disposto nas vixentes Normas Subsidiarias de Planeamento do Concello de Cangas.- Clasificación urbanística do solo.- solo rustico. Cualificación urbanística do solo.- Solo non urbanizable de protección de costas.

Os usos permitidos son os regulados pola lexislación sectorial de costas para a servidume de protección do dominio público marítimo terrestre.

Requerirase informe sectorial favorable de costas.

Deberase tramitar autorización autonómica conforme o disposto no art. 41 da Lei 9/2002.

A legalización solicitada é compatible coas determinacións establecidas ó respecto polas Normas Subsidiarias de Planeamento Municipal, sempre e cando se aporten informes sectoriais favorables e se obteña a autorización autonómica referida no parágrafo precedente".

#### 2.A.4) LICENZAS MUNICIPAIS DE PRIMEIRA OCUPACIÓN DOS SEGUINTE EXPEDIENTES DE OBRAS:

##### LICENZAS PRIMEIRA OCUPACION

EXPEDIENTE Nº 22.490.- LICENCIA MUNICIPAL DE PRIMEIRA OCUPACION PETICIONADA POR RICARDO BUDIÑO DACOSTA.- A Xunta de Goberno Local tendo en conta o informe-comprobación, emitido ó respecto polo Arquitecto Municipal, con data 3 de decembro de 2013, acordou: a) outorgar LICENCIA MUNICIPAL DE PRIMEIRA OCUPACION, a Ricardo Budiño Dacosta, con enderezo en Avda. De Lugo 55 b -- Cangas, para vivenda, sito en Camiño Vello 2 - San Cibrán - Aldán, rehabilitada o abeiro da licenza municipal Nº 21.837.

EXPEDIENTE Nº 21.817.- LICENCIA MUNICIPAL DE PRIMEIRA OCUPACION PETICIONADA POR JUAN CARLOS VILLAR DIEGUEZ.- A Xunta de Goberno Local tendo en conta o informe-comprobación, emitido ó respecto polo Arquitecto Municipal, con data 13 de decembro de 2013, acordou: a) outorgar LICENCIA MUNICIPAL DE PRIMEIRA OCUPACION, a Juan Carlos Villar Dieguez, con enderezo en Avda. De Vigo 94 - 3o A - Redondela, para vivenda, sita en Pintens - Hío, construída o abeiro da licenza municipal Nº 21.309. b) Asimesmo aprobase a recepción das obras de urbanización previstas no devandito proxecto e garantidas mediante aval de conformidade co exposto polo técnico arriba citado.

#### 2.A.5) ARQUIVO DE EXPEDIENTES DE OBRAS:

#### 2.A.6) EXPEDIENTES DE OBRAS PENDENTES SOBRE A MESA:

EXPEDIENTE N° 24.800.- LICENZA MUNICIPAL N° 23.671.- A GAS GALICIA S.D.G. S.A. con enderezo en Trav. De -Vigo 204 - Vigo, foi deixada sobre a mesa, pendente de mellor estudo, a modificación da referida licenza no sentido en que as obras se axustarán ó novo trazado presentado o 10 de decembro de 2013.

EXPEDIENTE N° 22.503.- LICENCIA MUNICIPAL DE PRIMEIRA OCUPACION PETICIONADA POR INVERSIONES GALCANARY 2002 S.L.- A Xunta de Goberno Local, deixou este expediente sobre a mesa, pendente de mellor estudo.

## 2.B) LICENZA DE OBRAS MENORES.

Examinados os expedientes de obras tramitados a instancia de parte, e vistos, así mesmo, os informes técnicos e administrativos incorporados, a Alcaldía acordou, outorga-las seguintes licenzas de obras, deixando a salvo o dereito da propiedade, os de terceiros e os do común, de conformidade coa documentación presentada, sempre que esta se adapte ó condicionado que se establece en cada autorización e ás seguintes condicións xerais:

1ª.- Os efectos das licenzas que se conceden, son puramente urbanísticos, a reserva e con absoluta independencia da obriga inexcusable que recae nos seus titulares, de obter, no seu caso, as preceptivas autorizacións por parte dos outros organismos estatais, con competencias concorrentes nesta cuestión (Xefatura Provincial de Estradas, Deputación Provincial, Obras do Porto de Vigo, Pontevedra, A Coruña, etc.).

2ª.- Advírtese ó interesado ou interesada que esta licenza carece de validez en tanto non se efectúe a operación de "tira de cordas" pola comisión de obras e técnico/a aparelador/a municipal, efecto para o cal deberá solicita-lo interesado/a que se leve a cabo esta antes de comeza-las obras.

3ª.- Deberá ter na obra a licenza e o deseño selado polo concello a disposición dos funcionarios/as municipais.

4ª.- De conformidade co disposto no artigo 197.1 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, os prazos de iniciación, interrupción máxima e remate das obras, fíxanse en:

a) Iniciación dentro dos doce meses seguintes ó outorgamento da licenza.

b) Interrupción máxima de seis meses, debendo comunicar ó concello e advertíndose con carácter excepcional e por unha soa vez, outorgarase prórroga cando se xustifique que a interrupción obedeceu a motivos de forza maior.

c) Remate das obras dentro dos trinta e seis meses seguintes ó outorgamento da licenza.

5ª.- As características constructivas dos cerramentos deben seren as que sinale a ordenanza respectiva segundo a cualificación urbanística do solo, e que se especifican na documentación das vixentes normas que leva por título "Normas Urbanísticas I".

## MENORES

EXPEDIENTE N° 24.805.- A José Sotelo Miranda, con enderezo en Rosada 49 B - Coiro, para no referido lugar, legalizar o realizado de un cerco de 12,45 metros, construír un cerco frontal de 31,85 metros, demoer unha edificación

adjetiva de garaxe de 51,35 m2, contruir unha caseta para garaxe de 20,80 m2 e 45,30 m2, de pérgola, de conformidade coa documentación presentada, a utilizar os materiais que sinala a LOUGA para os núcleos rurais e a formalizar ante o Catastro a modificación que plantexa a presente licenza.

EXPEDIENTE Nº 24.826.- A Maria Cistrina Vidal Martinez, con enderezo en A Caina 7 - Darbo, para en Camiño Vello de San Roque - Darbo, construír un cerco de 42,52 metros, de conformidade coa documentación presentada.

Aceptaselle a cesión gratuita de terreo para o vieiro efectuada con data 12 de decembro de 2.013.

EXPEDIENTE Nº 24.831.- A Antonio Castro Bastos, con enderezo en Boubeta 3 - Coiro, para en Concepción Arenal 7 - portal 1 entrechan B - Cangas, cambiar as fiestras e adecuar o local existente para vivenda sen modificar instalación de ningún tipo nin distribución actual, cunha superficie total útil de 36, 54 m2. , de conformidade co proxecto de setembro de 2.013.

EXPEDIENTE Nº 24.850.- A Pablo Juncal Alvarez, con enderezo en Avda. De Lugo 19 b - Cangas, para no referido lugar, cambiar a bañeira por un plato de ducha, de conformidade coa documentación presentada.

EXPEDIENTE Nº 24.852.- A José Manuel Curras Rúa, con enderezo en Tobal 28 - Darbo, para no referido lugar, substituír a plaqueta no cuarto de baño en 7,00 m2, de conformidade coa documentación presentada.

\*\*\*

## **2.C) APERTURAS DE ESTABLECEMENTOS.**

### APERTURAS DE ESTABLECEMENTOS

#### EXPEDIENTE DE ACTIVIDADE CLASIFICADA Nº 1.144

Á vista do expediente de apertura de HOTEL, promovido por VAQUEIRO GESTION S.L., con enderezo en rúa Gaitero Ricardo Pórtela 6 - A - Vigo, a instalar en Ameixide - Hio, e tendo en conta o informe favorable emitido ó respecto polo Arquitecto municipal, de data 12 de decembro de 2.013, a Xunta de Goberno Local acordou informar favorablemente o expediente e dar traslado deste á Comisión Provincial de Medio Ambiente, de conformidade co disposto no art. 9 do decreto 133/2008, de 12 de xuño de avaliación de incidencia ambiental.

## **3º.- DAR CONTA DE EXPEDIENTES DE DISCIPLINA URBANÍSTICA.**

EXPEDIENTE Nº 7/2013  
PROPOSTA DE RESOLUCION

Resultando que no lugar de Cunchido de Arriba, 10 -Darbo, polos responsables que se indican nesta resolución iniciouse a execución de obras sen a preceptiva licenza municipal consistentes en: ∴ Realizar o chapeado de pedra en muro de cerramento en aproximadamente 30 m de lonxitude.

Resultando que, >.on data 25 de novembro do 2013 a Xunta de Goberno Local ~oncede licenza nº 23697 para legalizar-las referidas obras.

Resultando que segundo consta no expediente, son persoas presuntamente responsables dos feitos sinalados Angel Fernández García, promotor.

Considerando que os feitos anteriormente expostos poden ser constitutivos dunha infracción urbanística segundo determina o artigo 216 da Lei 9/02, de 30 de decembro de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, en relación co artigo 1 do Decreto 28/1999, de 21 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento de Disciplina Urbanística, que pode tipificarse en principio como leve segundo sinala o artigo 217.4 da mesma norma.

Considerando que inicialmente non se pode apreciar a tenor do indicado no artigo 220.2 da Lei 9/02 e artigos 96 e 97 do Decreto 28/1999, de 21 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento de Disciplina Urbanística, circunstancias agravantes.

Considerando sen prexuízo do resultado definitivo da instrucción do expediente, que ós feitos descritos lies pode corresponder a sanción de multa entre 300 e 6.000.-euros. de acordo co establecido no art. 220.1.a) da referida Lei 9/02, indicándolle ó infractor que se fai efectiva a sanción no prazo de 15 días desde a súa notificación reduciráselle a mesma nun 30%.

Visto o establecido nos artigos 216 ó 223 da Lei 9/02; no Regulamento de Disciplina, así como na Lei 30/92, de 26 de novembro do Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común; e no Regulamento de procedemento para o exercicio da potestade sancionadora aprobado por R.D. 1398/93, de 4 de agosto, e de acordo coas atribucións que teño legalmente conferidas polo artigo 228 da Lei 9/02, o artigo 10 do R.D. 1398/93 e o artigo 21 da Lei 7/85, de 2 de abril, Reguladora de Bases de Réxime Local.

Visto o Decreto da Alcaldía de data 16 de xuflo de 2011 polo que se delega na Xunta de Goberno Local a tramitación dos expedientes sancionadores en materia de disciplina urbanística, propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte ACORDO:

**PRIMEIRO.-** Iniciar procedemento sancionador por infracción urbanística polos feitos mencionados dos que presuntamente son responsables as persoas indicadas nos antecedentes desta resolución.



SEGUNDO.- Nomear instructor e secretario do expediente a D. Rafael Soliño Costas e á secretaria do concello Da Berta Alonso Soto, respectivamente, que poderán absterse de intervir no procedemento, ou ser recusados polos interesados polas causas e na forma que determinan os artigos 28 e 29 da Lei 30/92.

TERCEIRO.- O órgano competente para a resolución do presente procedemento sancionador, é a Xunta de Goberno Local por delegación da Alcaldía, de acordo co establecido no artigo 228 da Lei 9/02, 10 do R.D. 1398/93 e artigo 21.1.k) da Lei 7/85 e Decreto de delegación de data 16 de xuño de 2011.

CUARTO.- Indicar ós interesados o dereito que lles concede o artigo 8 do R.D. 1398/93 de recoñece-la súa responsabilidade. advertíndolle que de efectuar por se mesmo a legalización das

¿.-obras antes da resolución do presente expediente reducirase a contía da sanción nun 80%.

QUINTO.- Indicar ós interesados o dereito que teñen a formular alegacións e achega-los documentos que estimen pertinentes, antes do trámite de audiencia, así como a coñecer en todo momento o estado de trámite do procedemento.

SEXTO.- Conceder ós interesados un prazo de QUINCE DIAS a contar desde o seguinte ó da notificación da presente resolución, para que achegue cantas alegacións, documentos e informacións que estime convenientes, e no seu caso, propoñan probas concretando os medios de que pretende valerse.

SÉTIMO.- Comunicar o acordo ó instructor e secretario con traslado das actuacións que existan ó respecto, debendo notificar ós interesados, advertindo a estes últimos de que, en caso de que non efectúen alegacións sobre o contido da iniciación do procedemento no prazo de quince días indicado, a presente resolución poderá ser considerada como PROPOSTA DE RESOLUCIÓN, eos efectos previstos nos artigos 18 e 19 do R.D.-1398/93.

OITAVO.- Advertir ós interesados que a incoación do presente expediente é inscribible no Rexistro da Propiedade.

NOVENO.- Notifíquese o Acordo ós interesados, facendo constar que non pon fin á vía administrativa, e que por tratarse dun mero trámite, contra a mesma non cabe recurso, sen prexuízo de que poida interpoñer o que estime máis conveniente.

Así o dispoño en Cangas, o catro de decembro do dous mil trece.

EXPEDIENTE SANCION ADOR POR INFRACCIÓN URBANÍSTICA Nº 29/2012

PROPOSTA DE SANCION PARA A XUNTA DE GOBERNO LOCAL

Visto o expediente de referencia iniciado por acordo da Xunta de Goberno Local de data 2 de setembro do 2013, resulta que:

PRIMEIRO.- Por parte de Xurxo Xóan González Conde, e segundo consta no expediente anterior de restauración da legalidade urbanística, efectuáronse no lugar de San Cibrán-Aldán, obras consistentes en realizar un pozo sendo a construción de carácter legalizable.

SEGUNDO.- Dentro do prazo outorgado neste expediente sancionador para formular alegación ou para aportar documentos e informacións, o interesado non presenta escrito de alegacións.

TERCEIRO.- Que se ten que declarar probado sen necesidade de práctica de proba a existencia de obras, o que constiúe unha infracción urbanística tipificada no artigo 216 da Lei 9/02, de 30 de decembro, do solo de Galicia, podendo clasificarse como leve, segundo o determina o artigo 217.4 da mesma norma citada.

CUARTO.- Que Xurxo Xóan González Conde, na súa calidade de promotor é responsable directo da referida infracción.

QUINTO.- Que de acordo co establecido nos artigos 220 da Lei 9/02, e 55 do Regulamento de Disciplina Urbanística a entidade da infracción cometida, en canto á gravidade da materia se refire, é o suficientemente importante para graduarla sanción a impoñer na súa contía 250 euros. SEXTO.- Que de conformidade co sinalado no art. 19.2 do R.D. 1398/93, de 4 de agosto, polo que se aproba o Regulamento do Procedemento para o Exercicio da Potestade Sancionadora, cabe prescindir do trámite de audiencia sinalado no apartado 1 do artigo citado.

Visto o Decreto da Alcaldía de data 16 de xuño de 2011 polo que se delega na Xunta de Goberno Local a tramitación dos expedientes sancionadores en materia de disciplina urbanística, propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte ACORDO:

\* Impoñer a Xurxo Xoan González Conde, na súa calidade de promotor unha multa sancionadora de 250 euros, por infracción ó ter cometido obras no lugar de San Cibrán-Aldán, consistentes en realizar un pozo.

De conformidade coa disposición adicional 5 da Lei 9/02, do 30 de decembro, advírtese ó interesado que a presente multa reducirase na súa contía nun 30 por cento se é pagada no prazo de quince días a partir da notificación da multa e o infractor amosa por escrito a súa conformidade con esta e renuncia expresamente ó exercicio de toda acción de impugnación no referido prazo.

Asdo.: Rafael Soliño Costas

## EXPEDIENTE SANCIONADOR POR INFRACCIÓN URBANÍSTICA Nº 12/2011 S

### PROPOSTA DE SANCION PARA A XUNTA DE GOBERNO LOCAL

Visto o expediente de referencia iniciado por acordo da Xunta de Goberno Local de data 28 de decembro do 2012, resulta que:

PRIMEIRO.- Por parte de Cándido Granada Otero, e segundo consta no expediente anterior de restauración da legalidade urbanística, efectuáronse no lugar de Viñó- O Hio, obras consistentes en cercar un predio a base de postes de formigón armado, ferro e malla metálica, cunha altura de aproximadamente 2 metros, sen o recuado de 4 metros do eixo do camiño sendo a construción de carácter ilegal izable.

SEGUNDO.- Dentro do prazo outorgado neste expediente sancionador para formular alegación ou para aportar documentos e informacións, o interesado con data 6 de febreiro do 2013 rexistro de entrada nº 1453, presenta escrito de alegacións ó expediente sancionador sinalando que:

- Alega que os feitos denunciados son constitutivos dunha infracción leve e que debe terse en conta o principio de boa fe e que non existe culpabilidade, ademais sinala que foi reposta a legalidade urbanística. Solicita o arquivo do expediente ou ben a imposición da sanción cunha redución do 80% en un 30%

1º.- Resulta probado segundo o informe do arquitecto municipal de data 11 de novembro de 2013 que as obras obxecto do presente expediente relativas ó peche realizado son ilegalizables ó ser incompatibles coas determinacións urbanística establecidas ó respecto ñas Normas Subsidiarias do Concello de Cangas, estando as mesmas tipificadas como graves no artigo 217.3 a) da lei 9/2002, de 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural. O mesmo que resulta probado a existencia dunha infracción urbanística ó executar obras sen licenza municipal e sen axustarse á normativa de aplicación.

TERCEIRO.- Que se ten que declarar probado sen necesidade de práctica de proba a existencia de obras, o que constitúe unha infracción urbanística tipificada no artigo 216 da Lei 9/02, de 30 de decembro, do solo de Galicia, podendo clasificarse como grave, segundo o determina o artigo 217.3. da mesma norma citada.

CUARTO.- Que Cándido Granada Otero, na súa calidade de promotor é responsable directo da referida infracción.

QUINTO.- Que de acordo co establecido nos artigos 220 da Lei 9/02, e 55 do Regulamento de Disciplina Urbanística a entidade da infracción cometida, en canto á gravidade da materia se refire, é o suficientemente importante para gradua-la sanción a impoñer na súa contía 6.001 euros, aplicándose a

reducción na sanción imposta nun 80% ó concurrir un atenuante: restaurar a legalidade urbanística.

SEXTO.- Que de conformidade co sinalado no art. 19.2 do R.D. 1398/93, de 4 de agosto, polo que se aproba o Regulamento do Procedemento para o Exercicio da Potestade Sancionadora, cabe prescindir do trámite de audiencia sinalado no apartado 1 do artigo citado.

Visto o Decreto da Alcaldía de data 16 de xuño de 2011 polo que se delega na Xunta de Goberno Local a tramitación dos expedientes sancionadores en materia de disciplina urbanística, propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte ACORDO:

\* Impoñer a Cándido Granada Otero, na súa calidade de promotor unha multa sancionadora de 1200,02 euros, por infracción ó ter cometido obras no lugar de Viño-0 Hio, consistentes en cercar un predio a base de postes de formigón armado, ferro e malla metálica, cunha altura de aproximadamente 2 metros, sen o recuado de 4 metros do eixo do camiño.

O que se lie notifica, significándolle que dispoñen do prazo de 15 días dentro do cal poderán formular as alegacións e presentar os documentos e informacións que estimen pertinentes, a tales efectos, ponse de manifestó o expediente para que poidan examíñalo e, de se-lo caso, obte-las copias dos documentos que constan no mesmo durante o expresado prazo, de conformidade co disposto no artigo 19 do Regulamento do procedemento para o exercicio da potestade sancionadora.

Una vez concluído o devandito prazo, a proposta de resolución será elevara ó organo competente para resolver o procedemento, xunto eos documentos, alegacións e informacións que consten no mesmo.

De conformidade coa disposición adicional 5 da Lei 9/02, do 30 de decembro, advírtese

\* | ~ -ó interesado que a presente multa reducirase ra súa contía nun 36 por cento -se é pagada no prazo de quince días a partir da notificación da multa e o infractor amosa por escrito a súa conformidade con esta e renuncia expresamente ó exercicio de toda acción de impugnación no referido prazo.

Cangas, 11 de novembro do 2013 /rffcÚ-O bgjBdSTRUCTOR DO EXPEDIENTE

#### **SANIDADE,SERVIZOS SOCIAIS E MULLER**

#### **4º.- PROPOSTA DO XEFE DE SERVIZO DO CENTRO MUNICIPAL DE BENESTAR SOCIAL S/RESOLUCIÓN DE ALTAS E BAIXAS DO SERVIZO MUNICIPAL DE AXUDA NO FOGAR.**

Examinada a proposta do xefe de servizo do Centro Municipal de Benestar Social, de data 13.12.13, relativa as altas e baixas do Servizo Municipal de Axuda no Fogar, que di:

*"En relación ó Servizo Municipal de Axuda no Fogar (SAF), achégase proposta correspondente para:*

*\* Baixa de dona Elisa P.P., beneficiaria de SAF pola quenda de dependencia con expediente núm.: 35158329-T."*

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, aprobar integramente a proposta transcrita.

#### **5º.- PROPOSTA DO XEFE DE SERVIZO DO CENTRO MUNICIPAL DE BENESTAR SOCIAL S/RESOLUCIÓN DE ALTAS E BAIXAS DO SERVIZO MUNICIPAL DE ALOXAMENTO TEMPORAL PARA CASOS DE EMERXENCIA SOCIAL.**

Examinada a proposta do xefe de servizo do Centro Municipal de Benestar Social, de data 13.12.13, relativa as altas e baixas do Servizo Municipal de Aloxamento temporal para casos de emerxencia social, que di:

*"En relación ó Servizo Municipal de Aloxamento Temporal por situacións de Emerxencia Social (SAT), achégase correspondente para:*

*\* Proceder á baixa de Ana M<sup>a</sup> L.R. con expediente núm.: 36008/01/002564."*

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, aprobar integramente a proposta transcrita.

#### **SUBVENCIONS**

#### **6º.- DAR CONTA DE ESCRITO DA CONSELLARÍA DO MEDIO RURAL E DO MAR S/CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN PARA O PROGRAMA DE MELLORA DE CAMIÑOS MUNICIPAIS.**

#### RESOLUCIÓN DE CONCESIÓN DE AXUDA

I. - Identificación do proxecto

- Nº de Expediente: PM13-32132-0139

Título: Proxecto de pavimentación parroquia de Nerga Promotor: Concello de Cangas

## II. - Antecedentes

O 15 de Outubro do 2013 o promotor presentou unha solicitude de axuda para a execución do proxecto citado. O equipo técnico da Subdirección xeral de Infraestructuras agrarias emitiu informe de conformidade, unha vez realizados os controis administrativos sobre a solicitude de axuda segundo establecido no Plan Galego de Controis FEADER

## III. - Fundamentos legáis

Acordo do Consello da Xunta do 12 de setembro de 2013 no que se autoriza a Agader á concesión directa de axudas.

Resolución do 13 de setembro de 2013, pola que se aproba o Plan Marco: Programa de mellora de camiños de titularidade municipal 2013-2014, financiado co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (FEADER), no marco do PDR de Galicia 2007-2013 (DOG núm. 116 do 30 de setembro de 2013).

Corrección de erros da resolución anterior. (DOG núm. 197 do 15 de outubro de 2013)

Logo da instrución do procedemento nos termos previstos no Plan Marco, o director xeral de Agader, no exercicio das competencias delegadas polo Acordo do Consello de Dirección do 11 de xullo de 2013 (Resolución do 24 de xullo de 2013, pola que se fai pública a delegación de competencias na Presidencia e na Dirección Xeral de Agader, DOG núm 148 do 5 de agosto de 2013),

RESOLVO:

Axencia Galega de Desenvolvemento Rural Lugar da Barcia 56, Laraño 15897 Santiago de Compostela Telf.: 981 54 73 54 - Fax: 981 54 73 81 agader.xunta.es CIF: Q1500273F

Conceder unha subvención ao proxecto sinalado de acordo coas seguintes condicións:

1. O orzamento presentado e aprobado desagregado por partidas é o seguinte:

Concepto	Partida Orz. Present. (S/IVE)	Orz. Present. (C/IVE)	Orzamento	Aceptado
Observacións (Importante que as contemple)				
Programa mellora de camiños municipais		Obra Civil	51.211,02 €	61.965,33 €
	51.211,02 €			
		TOTAIS	51.211,02 €	61.965,33 €
	51.211,02 €			

2. O importe da subvención, que se financiará con cargo á conta orzamentaria 12-A1-712A-7600, e segundo o procedemento de concesión directa mediante resolución regulado no artigo 26 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG), en relación co artigo 40 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o seu Regulamento, desagregado por fontes de financiamento é o seguinte:

Orzamento aceptado	51.211,02 €		
Importe da axuda	51.211,02 €		
FEADER MARM AGADER		Distribución por fe. 75 % 12,13 % 12,87 %	indos
38.408,27 €	6.211,90 €	6.590,86 €	

O importe da axuda distribuirase en anualidades do seguinte xeito:

Ano	% Total Subvención	Importe
2013	47,16 %	24.151,12 €
2014	52,84 %	27.059,90 €
Total	100 %	51.211,02 €

### **CONTRATACIÓN**

#### **7º.- PROPOSTA DA ALCALDÍA S/INICIO DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DO SERVIZO PÚBLICO DE AXUDA NO FOGAR (SAF).**

PROPOSTA DA ALCALDÍA RELATIVA AO INICIO DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DO SERVIZO PÚBLICO DE AXUDA NO FOGAR (SAF)

Visto o contrato asinado coa empresa "A Carón Sociedade Cooperativa Galega" para a prestación do servizo público de axuda no fogar, o cal remata o vindeiro 31.01.2014 sen posibilidade de ser prorrogado.

Vista a obriga do Concello de Cangas de seguir prestando aos usuarios o dito servizo público.

Por todo o que antecede, en uso das atribucións que a lexislación vixente me confire, á Xunta de Goberno Local propoño a adopción do seguinte,

#### **ACORDO**

Primeiro.- Incoar expediente administrativo para a contratación do servizo público de axuda no fogar (SAF) mediante a modalidade de concesión.

Segundo.- Que a Secretaria Xeral emita informe sobre a lexislación aplicable e o procedemento máis axeitado a seguir segundo as características do contrato.

Terceiro.- Que se redacten os correspondentes pregos de cláusulas administrativas particulares e de prescricións técnicas que rexerán o contrato e o proceso de adxudicación.

Cuarto.- Que a Interventora municipal emita informe sobre a fiscalización previa ou crítica do gasto.

Quinto.- Dar traslado deste acordo aos departamentos municipais de Secretaría, Intervención e Apoio Xurídico.

Cangas, 12 de decembro de 2013

**8º.- PROPOSTA DA ALCALDÍA S/LICITACIÓN PARA A CONCESIÓN DEMANIAL DE USO PRIVATIVO DE VARIOS POSTOS VACANTES NO MERCADO MUNICIPAL.**

PROPOSTA DA ALCALDÍA RELATIVA Á LICITACIÓN PARA A CONCESIÓN DEMANIAL DE USO PRIVATIVO DE VARIOS POSTOS VACANTES NO MERCADO MUNICIPAL

Vista a necesidade de revitalizar o mercado municipal, de dar uso aos bens de dominio público así como impulsar o establecemento de actividades económicas e promocionar o emprego no municipio.

Visto que no Mercado de Abastos do Concello de Cangas constan sen actvidade catro postos de peixaría e tres postos de carnicería e visto que o Regulamento do Mercado Municipal publicado no BOP n.º 156 do día 16.08.2005, no seu artigo 28 referido ás adxudicacións, dispon que as concesións deberán adxudicarse en réxime de concorrencia.

Por todo o que antecede, en uso das atribucións que a lexislación vixente me confire, á Xunta de Goberno Local propoño a adopción do seguinte, ACORDO:

Primeiro.- Incoar expediente administrativo para a licitación, en réxime de concorrencia, da concesión demanial de uso privativo de varios postos vacantes no mercado de abastos municipal: catro postos de peixaría e tres postos de carnicería.

Segundo.- Que a Secretaria Xeral emita informe sobre a lexislación aplicable e o procedemento máis axeitado a seguir segundo as características do contrato.

Terceiro.- Que se redacten os correspondentes pregos de cláusulas administrativas particulares e de prescricións técnicas que rexerán o contrato e o proceso de adxudicación.

Cuarto.- Que a Interventora municipal emita informe sobre a fiscalización previa ou crítica do gasto.

Quinto.- Dar traslado deste acordo aos departamentos municipais de Secretaria, Intervención e Apolo Xurídico.

Canqas. 12 de decembro de 2013



## **9º.- PROPOSTA DA ALCALDÍA S/INICIO DE EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN PARA A SUBMINISTRACIÓN SUCESIVA DE COMBUSTIBLE PARA DIVERSAS DEPENDENCIAS MUNICIPAIS.**

PROPOSTA DA ALCALDÍA RELATIVA AO INICIO DE EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN PARA A SUBMINISTRACIÓN SUCESIVA DE COMBUSTIBLE PARA DIVERSAS DEPENDENCIAS MUNICIPAIS.

Visto o PLAN DE AXUSTE aprobado polo Pleno do Concello en sesión celebrada o día 4.05.2012, que foi informado favorablemente polo Ministerio de Facenda e Administracións Públicas.

Visto que no dito Plan, este Concello comprometeuse á adoptar unha serie de medidas de cara á redución do gasto público para os exercicios 2012 e seguintes entre as cales está a aplicación dunha política de austeridade no gasto de tódolos departamentos e servizos municipais.

Vista a necesidade de adquisición de combustible para diversas instalacións municipais.

Por todo o que antecede, en uso das atribucións que a lexislación vixente me confire, á Xunta de Goberno Local propoño a adopción do seguinte ACORDO:

Primeiro.- Incoar expediente administrativo para a contratación da subministración sucesiva de combustible, gasóleo e gas natural, para diversas instalacións municipais.

Segundo.- Que a Secretaria Xeral emita informe sobre a lexislación aplicable e o procedemento máis axeitado a seguir segundo as características do contrato.

Terceiro.- Que se redacten os correspondentes pregos de cláusulas administrativas particulares e de prescricións técnicas que rexerán o contrato e o proceso de adxudicación.

Cuarto.- Que a Interventora municipal emita informe sobre a fiscalización previa ou crítica do gasto.

Quinto.- Dar traslado deste acordo aos departamentos municipais de Secretaría, Intervención e Apoio Xurídico.

### **ADMINISTRACIÓN LOCAL E FACENDA**

#### **10º.- INFORME DE TESOURERÍA S/DEVOLUCIÓN DE GARANTÍAS.**

##### **10.A) DENEGACIÓN DE SOLICITUDES DE DEVOLUCIÓN DE GARANTÍAS.**

Examinados os informes emitidos pola Tesourería Municipal, referente a diversas solicitudes de devolución de garantías por realización de obras.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, e de conformidade cos informes desfavorables da Tesourería Municipal, acorda denegar as solicitudes de devolución de garantías ós seguintes solicitantes:

SOLICITANTE	GARANTÍA	IMPORTE	OBXECTO
DAVID ALFAYA MASSÓ R/As Teixugueiras, nº 19-12ºA-Vigo.	FIANZA	942,00 €	EXPEDIENTE Nº 21.750

## **SEGURIDADE, TRÁFICO, POLICÍA LOCAL E PROTECCIÓN CIVIL**

### **11º.- SOLICITUDES DE SINALIZACIÓN VARIAS.**

#### **11.A) RENOVACIÓN DE SINAIS DE PASAXE PERMANENTE POR DETERIORO.**

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, de conformidade cos informes emitidos pola Policía Local, acorda autorizar a renovación do sinal de pasaxe permanente instalado por deterioro, coas condicións indicadas ós seguintes solicitantes:

NOME E DNI	ENDEREZO	LUGAR INSTALACIÓN
ALFONSO BAMIO VIDAL DNI Nº 35.269.638-N	Avda. de Bueu, nº 5-3ºC-Cangas.	Avda. de Bueu, nº 5-3ºC-Cangas. Autorízase a renovación do pasaxe permanente nº 0295, condicionándose a presente autorización á devolución do sinal deteriorado no Departamento de Tesourería, que procederá a dar de baixa o referido número e á concesión dun número novo.

#### **11.B) INFORME DA POLICÍA LOCAL S/SOLICITUDE DE INSTALACIÓN DE ESPELLO EN CAMIÑO DE EIRA VELLA-O HÍO.**

Vista a solicitude presentada en data 29.11.13 por JOSÉ COSTAS OTERO, con enderezo en Vilanova, nº 52-O Hío, na que demanda a instalación de un espello en Camiño de Eira Vella no Hío.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, de conformidade co informe emitido en data 3.12.13 pola Policía Local, acorda autorizar a instalación de un espello en Camiño de Eira Vella-O Hío.

#### **11.C) INFORME DA POLICÍA S/SINALIZACIÓN VIAL DA AVDA. DE A CORUÑA CON RÚA ENSEÑANZA.**

R.S. 2856/13

A xefatura da policía local Cangas por medio do presente informe ten a ben comunicarlle que na travesía da rúa Ensinanza coa Av. da Coruña ( paralela a rúa Cela ) da que adxunto plano , sería convinte sinalizar cun paso peonil para favorecer a seguridade viaria na zona , especialmente dos rapaces que acuden diariamente o centro escolar próximo . Tamén procede colocar un sinal de dirección prohibida para convertila en rúa de sentido único.

Na avenida da Coruña o paso peonil existente procede desprazalo uns metros tal e como reflexa o plano adxunto , xa que na actualidade e traía remodelación da referida travesía coincide xusto coa metade da vía , có conseguinte perigo para a circulación . Esta feito debe ser remitida a demarcación de carreteras da Xunta de Galicia en Pontevedra, xa que este tramo é de competencia autonómica.

## **PERSOAL E PARTICIPACIÓN VECIÑAL**

### **12º.- DAR CONTA DE RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA S/APROBACIÓN DE BASES PARA A SELECCIÓN E POSTERIOR CONTRATACIÓN LABORAL TEMPORAL DE 1 AUXILIAR DE CLÍNICA PARA A UNIDADE ASISTENCIAL DE DROGODEPENDENCIAS DO CONCELLO DE CANGAS.**

#### RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

Visto a necesidade de cubrir a ausencia da auxiliar de clínica destinada na Unidade asistencial de drogodependencias do Concello de Cangas sen que exista a posibilidade de cubrir a praza con outro persoal propio do Concello resulta preciso acometer con urxencia a contratación laboral en réxime de interinidade da persoa que a substitúa durante o tempo que dure esta ausencia con inicio previsto para o vindeiro 16 de decembro de 2013.

Procede por tal urxencia aprobar a convocatoria e as bases, que como anexo se acompañan, para a cobertura da praza citada mediante resolución de Alcaldía avogando a competencia delegada na Xunta de Goberno Local.

En vista do anteriormente exposto e de acordo coas facultades que me outorga a lexislación vixente, RESOLVO:

PRIMEIRO.- Avogar a competencia delegada a Xunta de Goberno Local en virtude da Resolución de data 16 de xuño de 2011 para aproba-las bases de selección que acompañan como anexo á presente resolución.

SEGUNDO.- Convocar a praza mencionada e ordenar que se sigan tódolos trámites ata que se proceda a súa contratación de acordo co disposto nas bases.

TERCEIRO.- Que se proceda a publicación das bases de acordo co disposto ñas mesmas mediante a súa colocación no Taboleiro de Anuncios do Concello e

inserción na páxina web municipal durante o período de presentación de instancias.

CUARTO.- Que se dea conta da presente resolución á Xunta de Goberno Local.

Cangas, 29 de novembro de 2013

#### ANEXO

"BASES PARA A SELECCIÓN E POSTERIOR CONTRATACIÓN LABORAL TEMPORAL DE 1 AUXILIAR DE CLÍNICA PARA A UNIDADE ASISTENCIAL DE DROGODEPENDENCIAS DO CONCELLO DE CANGAS PRIMEIRA. OBXECTO, RÉXIME DE CONTRATACIÓN E SISTEMA DE SELECCIÓN.

O obxecto das presentes bases é a selección e posterior contratación de un/ha auxiliar de clínica para a Unidade Asistencial de Drogodependencias do Concello de Cangas polo sistema de oposición libre.

A contratacións será de carácter laboral temporal, na modalidade de interinidade para a cobertura da ausencia da auxiliar de pública durante a duración do seu período vacacional e no mesmo réxime da persoa á que se substitúe.

Ás persoas seleccionadas seralles da aplicación o Acordo regulador das condicións de traballo do persoal ó servizo do Concello de Cangas.

#### SEGUNDA- REQUISITOS DOS/AS ASPIRANTES

Para ser admitido/a á realización das probas selectivas os/as aspirantes deberán reuni-los seguintes requisitos:

- a) Ser cidadán español ou atoparse comprendido no eido subxectivo referido no art. 57 da Lei 7/2007, de 12 de abril do Estatuto Básico do Empregado Público
- b) Ter cumpridos dezaseis anos de idade e non ter acadado a idade de xubilación forzosa.
- c) Posuír a capacidade funcional necesaria para o desempeño das tarefas que se van realizar.
- d) Estar en posesión ou en condicións de obter o título académico esixido ñas bases para ingresar na praza o día en que remate o prazo de presentación de instancias. Formación Profesional Técnico en Coidados Auxiliares de Enfermería ou equivalente.

- e) Non ter sido apartado mediante expediente disciplinario do servizo ó Estado, ás Comunidades Autónomas ou as Entidades Locais, nin estar inhabilitado para o exercicio de funcións públicas.
- f) Non atoparse incurso en ningunha causa de incapacidade.
- g) Ter ingresado a taxa para participar no proceso selectivo segundo a correspondente ordenanza fiscal (8,52 euros).

#### TERCEIRA - PUBLICIDADE DA CONVOCATORIA, SOLICITUDES E PRAZO DE PRESENTACIÓN DESTAS.

As presentes bases estarán expostas o publico no taboleiro da anuncios do Concello durante o prazo sinalado para a presentación de instancias, co fin de posibilita-la presentación de reclamacións ou suxestións, ademais de ser publicitada a convocatoria na páxina web do Concello ([www.cangas.org](http://www.cangas.org)).

De presentarse reclamacións as bases -que non suspenderán o prazo para a remisión de instancias para participar no proceso selectivo- a selección demorarase ata a resolución das mesmas. De ser aceptada ou aceptadas algunha das reclamacións ou suxestións formuladas, abrirase un novo período de presentación de instancias de conformidade coas bases modificadas. Contra a resolución que estime ou desestime as reclamacións ás bases, non caberá recurso ningún, sen prexuízo de poder recorrer tal circunstancia xunto coa resolución que poría fin ao procedemento.

O taboleiro de anuncios da Casa do Concello será igualmente, o medio para dar publicidade a tódalas notificacións dos actos que deriven do proceso selectivo iniciado coas presentes bases.

As instancias solicitando tomar parte no proceso selectivo irán dirixidas á Alcaldía do limo. Concello de Cangas e serán presentadas dentro do período que vai dende o día seguinte ao da publicación da convocatoria no taboleiro do Concello e ata o xoves 5 de decembro de 2013, en horario de atención ao público (9.30 h ás 13.30 h), sinalando a referencia AUXILIAR CLÍNICA e facendo constar expresamente que se cumpren tódolos requisitos esixidos na base segunda, sen prexuízo de que ao final do proceso selectivo se teña que acreditar documentalmente ese cumprimento de acordo co disposto na base oitava. Non obstante deberá procederse a esta acreditación en calquera momento anterior se así o esixe o Negociado de Persoal do Concello ou o Tribunal de Selección.

A presentación de solicitudes poderá facerse ben no rexistro xeral do concello, ben en calquera das formas establecidas no art. 38.4 da Lei 30/92 de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común. Caso de que a instancia non se presente directamente no rexistro xeral do concello o/a aspirante deberá dirixir por fax, ó 986304850 unha copia da instancia rexistrada con anterioridade ó remate do prazo na que figure a data

de presentación no rexistro correspondente, ós efectos de que poida ser incluída na relación de admitidos/as.

Xunto coa instancia na que se declarará expresamente que se cumpre eos requisitos da base segunda, presentárase fotocopia simple do DNI, resguardo acreditativo do pago das taxas e copia simple do título esixido na convocatoria sen prexuízo de presentar o orixinal no caso de ser seleccionado.

Os aspirantes quedan vinculados ós datos que fixeran constar na súa solicitude, se ben os erros de feito que poidan advertirse poderán subsanarse ou repararse en calquera momento, ben de oficio, ben a instancia de parte.

#### CUARTA-ADMISIÓN DOS ASPIRANTES

Os aspirantes que de acordo coa base anterior tivesen presentado a súa solicitude coa declaración de cumprimento dos requisitos da base segunda e que tivesen satisfeito as taxas dentro do prazo outorgado constituirán o listado de admitidos ao proceso selectivo e poderán participar na selección sen prexuízo de que poidan ser excluídos en calquera momento se se comprobase que non se reúne algún dos requisitos da convocatoria.

O feito de figurar incluído na relación de admitidos non prexulga que se lie recoñeza os interesados a posesión dos requisitos esixidos no proceso selectivo convocado os cales deberán ser xustificados documentalmente no suposto de que os aspirantes admitidos superen a proba selectiva.

#### QUINTA. TRIBUNAL CUALIFICADOR

O tribunal que xulgará as probas terá por obxecto garantir e supervisar o correcto desenvolvemento do proceso en tódalas súas fases. Estará composto por cinco membros. Non poderá constituírse sen a asistencia da metade mais un dos seus membros titulares ou suplentes.

Os membros titulares e suplentes terán igual ou maior titulación ca esixida ós aspirantes á praza convocada, e terán voz e voto.

Estes deberán absterse de intervir, notificándoo á autoridade convocante, cando conorra neles algunha circunstancia provista no artigo 28 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das Administracións Públicas e do procedemento administrativo común, modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro.

A composición efectiva do tribunal a efectos da formulación de recusación é a seguinte:

PRESIDENTE: Andrés Fontenla Vázquez  
SECRETARIO: Fabián Fernández Gómez  
Vocal 1º: Maximino Pórtela Freire

Vocal 2º: M2 Teresa Casal Rivas  
Vocal 3e: M Jesús Guimeráns González  
Suplente Indistinto: Estanislao Graña García

O Tribunal poderá contar coa colaboración dos asesores externos que considere oportunos, que actuarán con voz e sen voto, limitándose a presta-la súa colaboración ñas súas especialidades técnicas.

O Tribunal constituírse con unha hora de antelación á do inicio da primeira proba da oposición que se establece ñas presentes bases.

SEXTA.- Comezo e desenvolvemento da proba selectiva que conforma a oposición.

Os aspirantes quedan convocados para a realización da proba práctica de carácter eliminatorio na Casa da Cultura de Cangas, ás 10:00 da mañá do vindeiro mércores 11/12/2013.

A proba que consistirá na realización dun exercicio escrito que constará de dúas partes:

1ª.- Test de 20 preguntas relacionadas co temario adxunto relacionado eos coñecementos a funcións propias destes postos, responderán razoadamente mediante a sinalización da resposta correcta. Este exercicio terá unha duración máxima de 30 minutos.

Este exercicio terá unha puntuación máxima de 40 puntos.

2ª.- Suposto Práctico con preguntas. A segunda parte da proba escrita consistirá na resposta escrita ás preguntas que formule o Tribunal sobre un caso práctico que presente o Tribunal relacionado coas funcións propias do posto. Este exercicio terá unha duración máxima de 30 minutos.

Este exercicio terá unha puntuación máxima de 60 puntos.

A puntuación máxima total na oposición será de 100 puntos sendo necesario obter 50 puntos para entender superada a mesma.

Tódolos candidatos que concorran á realización das probas, deberán ir provistos do seu DNI, pasaporte, permiso de conducir ou documento equivalente. En caso de non presentar ningún, deste documentos, non se lie permitirá a realización das probas.

Os aspirantes serán chamados para a realización das probas nun único chamamento, quedando excluídos do proceso os que non comparezan.

SÉTIMA.- CUALIFICACIÓN FINAL

Rematado o proceso de selección o Tribunal determinará a cualificación final do proceso que virá determinada pola suma das puntuacións obtidas na oposición.

No suposto de empate na cualificación final de dous ou máis aspirantes, este resolverase a favor do aspirante que obtivese a maior puntuación na resolución do caso práctico. Se persiste o empate este resolveríase finalmente mediante sorteo.

A continuación, o Tribunal fará público o resultado do proceso e elevará á Alcaldía a correspondente proposta de contratación designando ao aspirante proposto para cubrir a interinidade obxecto da presente convocatoria por ter obtido a maior nota final e indicando aos aspirantes que superasen as probas sen obter a praza a fin da confección dun listado de agarda.

Trala remisión da proposta do Tribunal e previa presentación da documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos da base segunda procederase á formalización dos correspondentes contratos. A tal fin os aspirantes propostos disporán de un día hábil para presentar esta documentación.

En caso de que un posto de traballo permaneza vacante pola renuncia dun candidato seleccionado, aquel poderase cubrir previa resolución en tal sentido ditada pola Alcaldía, de forma correlativa, polos aspirantes que obtivesen a seguinte puntuación na lista definitiva do proceso selectivo que superasen as puntuacións mínimas establecidas.

O aspirante seleccionado e os aspirantes que superasen as probas do proceso de selección sen obter a praza que se convoca de acordo coa proposta do Tribunal constituirán en función das notas obtidas un listado para a cobertura de supostos de substitucións tales como vacacións, baixas e situacións análogas. Este listado terá unha duración de dous anos a contar dende a data da resolución na que se aprobé tal listado.

As contratacións que se efectúen en base a tal listado deberán facerse mediante a adopción dunha resolución de Alcaldía na que se fundamentará a necesidade de acudir a ela e que contará eos informes preceptivos previos.

#### OITAVA.- CARACTER DAS BASES E INCIDENCIAS.

As presentes bases desta convocatoria vinculan á administración local convocante, ao Tribunal cualificador e ós aspirantes que participen no proceso.

O tribunal de selección queda facultado para a interpretación das bases da convocatoria, así como para resolver cantas dúbidas e incidencias produza a súa aplicación, podendo adoptar os acordos necesarios na procura da boa orde e desenvolvemento do proceso selectivo.

#### NOVENA.- DISPOSICIÓN FINAL



As presentes bases e cantos actos administrativos deriven das mesmas e das actualizacións do tribunal de selección, poderán ser impugnados nos casos e na forma establecidos pola Lei 30/1992, de 26 de Novembro, no Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común e polo disposto ñas presentes bases.

Así mesmo a administración municipal poderá, no seu caso, proceder á revisión das resolucións dos tribunais conforme ó previsto na devandita Lei 30/1992, de 26 de novembro.

## ANEXO I

### TEMARIO SOBRE O QUE SE REALIZARÁ O EXAME TIPO TEST

TEMA 1.- O CONCEPTO DE ADMINISTRACIÓN PÚBLICA. DIFERENTES TIPOS DE ADMINISTRACIÓN: CENTRAL, AUTONÓMICA, LOCAL E INSTITUCIONAL.

TEMA 2.- A UNIDADE ASISTENCIAL DE DROGODEPENDENCIAS DE CANGAS. COMPETENCIAS DO CONCELLO DE DROGODEPENDENCIAS.

TEMA 3.- FUNCIÓNS DOS AUXILIARES DE CLÍNICA NUN CENTRO DE DROGODEPENDENCIAS. ADMINISTRACIÓN E CONTROL DE MEDICAMENTOS.

TEMA 4.- PROTOCOLOS DE ABORDAXE DA PATOLOXÍA ORGÁNICA DO PLAN GALICIA SOBRE DROGAS: TUBERCULOSE. VIH-SIDA. HEPATITE. PROTOCOLO DE TRATAMENTO PARA XESTANTES DROGODEPENDENTES.

TEMA 5.- DEREITOS E DEBERES DOS TRABALLADORES AO SERVIZO DO CONCELLO DE CANGAS. A SEGURIDADE E HIXIENE NO TRABALLO."

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, acorda o seguinte:

### **URXENCIAS:**

### **ASUNTOS FÓRA DA ORDE DO DÍA.**

Trala declaración da urxencia, por unanimidade dos/as Sres./as concelleiros/as asistentes, (art. 83 R.d. 2568/1986, do 28 de novembro), adoptáronse os seguintes acordos:

**A) PROPOSTA DA ALCALDÍA S/APROBACIÓN DE PROXECTO DE FINALIZACIÓN DAS OBRAS DE CONSTRUCCIÓN DE PISCINA CUBERTA MUNICIPAL DO CONCELLO DE CANGAS.**

\*\*\*

"Finalización das obras de construción de piscina cuberta municipal (lugar de Verín s/n, Coiro) do Concello de Cangas"

### PROPOSTA DE ALCALDÍA

Visto que en data 26 de decembro de 2005, mediante resolución de alcaldía, adxudicouse o contrato de "Redacción do proxecto e execución da obra piscina cuberta municipal de Cangas" á UTE MOVEX VIAL, HÍDROSCIVÍL e DEMAÍN por importe de 1.780.114,90 euros, IVE engadido, formalizándose en data 16 de xaneiro de 2006 e fixándose un prazo de execución de 12 meses.

Visto que a execución das obras contratadas está paralizada desde setembro de 2007, como consecuencia do cal a obra sufriu numerosos deterioros, sendo necesario un novo presuposto para a reparación e reposición de materiais e equipos para o cal redactouse un proxecto modificado que pon a obra o día, incorporando as novas partidas de reconstrución e reposición, así como aquelas do proxecto orixinal pendente de executar.

Visto que consta no expediente memoria elaborada polo arquitecto Alfonso Penela Fernández en data 28 de xuño de 2013, xustificativa da necesidade de redactar un proxecto modificado para posibilitar a terminación da obra sinalada.

Visto que, tramitado o correspondente expediente de contratación do servizo de redacción do proxecto técnico de "Finalización das obras de construción de piscina cuberta municipal (lugar de Verín s/n, Coiro) do Concello de Cangas" o modificado do proxecto de execución da piscina cuberta municipal de Cangas presentouse en data 27 de setembro de 2013

Visto que, en atención ao exposto, é necesario proceder a modificación do contrato asinado en data 16 de xaneiro de 2006 debido a razóns de interese público, derivadas de necesidades novas consecuencia dos deterioros sufridos polas obras durante o largo período de paralización das mesmas, que fai necesario realizar novas obras de reconstrución e reposición de materiais e equipos aos efectos de poder finalizar a obra de construción dunha infraestrutura que permita dar satisfacción ás crecentes demandas sociais no ámbito da práctica deportiva. Esta circunstancia xustifica unha modificación do prezo do contrato por importe de 1.000.000,00 euros, incluído o 21% de imposto sobre o valor engadido.

Visto que o Consello da Xunta o 12 de decembro de 2013 aprobou o texto do Convenio de cooperación entre a Secretaría Xeral para o Deporte e o Concello de Cangas para o remate da construción dunha piscina cuberta e climatizada, por importe de 1.000.000,00 euros IVE incluído.

Visto que o apartado 2 da disposición transitoria primeira da LCSP, literalmente, establece que:

"2. Os contratos administrativos adxudicados con anterioridade á entrada en vigor da presente Lei rexeranse, en canto aos seus efectos, cumprimento e extinción, incluída a súa duración e réxime de prórrogas, pola normativa anterior."

Por tanto, de acordo con esta disposición, as modificacións dos contratos adxudicados antes da súa entrada en vigor teñen que rexirse, en función da data de adxudicación do contrato, polo Real decreto legislativo 2/2000, de 16 de xuño, polo cal se aproba o Texto refundido da Lei de contratos das administracións públicas (de agora en diante, TRLCAP).

Examinada a documentación que a acompaña, e de conformidade co establecido no Real Decreto Legislativo 2/2000, de 16 de xuño, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Contratos das Administracións Públicas así coma no Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas.

PRIMEIRO. Aprobar o proxecto de "Finalización das obras de construción de piscina cuberta municipal (lugar de Verín s/n, Coiro) do Concello de Cangas" elaborado polo arquitecto Alfonso Penela Fernández, que modifica o proxecto de execución da piscina cuberta municipal de Cangas.

SEGUNDO. Iniciar o expediente de modificación do contrato de "Redacción do proxecto e execución da obra piscina cuberta municipal de Cangas", firmado coa UTE MOVEX VIAL, HIDROSCIVIL e DEMAÍN por importe de 1.780.114,90 euros IVE engadido, en data 16 de xaneiro de 2006. A contía da modificación ascende 1.000.000,00 euros, incluído o 21% de IVE.

TERCEIRO. Dar audiencia ao contratista por un prazo de cinco días hábiles, con traslado da proposta de modificación, para que proceda optativamente a aceptar a modificación ou instar a resolución. No caso de que a opción sexa a aceptación de dita modificación deberán presentar o reaxuste da garantía correspondente ao 4% do importe de adxudicación (artigo 36.1 do TRLCAP), para que garde a debida proporción co novo prezo modificado, no prazo de quince días contados desde a data en que se notifique o acordo de modificación.

CUARTO. Que por Secretaría se emita informe, en relación co procedemento e a Lexislación aplicable para levar a cabo a modificación do contrato

QUINTO. Que se emita informe de Intervención sobre a parte económica e as repercusións orzamentarias da modificación que se suxire. Así mesmo deberá incorporarse ao expediente certificado, de existencia de crédito, expedido pola Intervención Municipal.

Cangas, 16 de decembro de 2013  
José Enrique Sotelo Villar.

**B) ACORDO RELATIVO Á APROBACIÓN DE EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN PARA A REALIZACIÓN DE UN ACORDO MARCO QUE**

## **REXERÁ A SUBMINISTRACIÓN SUCESIVA DE DIVERSO MATERIAL MEDIANTE LOTES.**

\*\*\*

Visto o acordo da Xunta de Goberno Local de data 6.05.2013 polo que se incoa expediente administrativo para a contratación da subministración de produtos de limpeza e roupa de traballo para varios departamentos municipais.

Visto que se redactaron os oportunos pregos de cláusulas administrativas particulares e de prescricións técnicas, establecendo unha duración do contrato de un ano susceptible dunha prórroga de carácter anual.

Visto que o orzamento de licitación ascende á cantidade de:

	LOTE N.º 1	Produtos de limpeza	LOTE N.º 2	Roupa Policía Local e Protección Civil	LOTE N.º 2	Roupa para outros Departamentos municipais
IMPORTE	9.173,55 €		4.958,68 €		8.677,69 €	
IVE	1.926,45 €		1.041,32 €		1.822,31 €	
TOTAL	11.100 €		6.000 €		10.500 €	

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 15.6.11, acorda:

Primeiro.- Aprobar o expediente de contratación, que se tramitará mediante procedemento aberto, para a celebración dun acordo marco que rexerá a subministración sucesiva mediante lotes de:

7 • LOTE N.º 1: Produtos de limpeza.

- LOTE N.º 2: Uniformidade para a Policía Local e Protección Civil.
- LOTE N.º 3: Vestiario/roupa de traballo para outros departamentos municipais.

Segundo.- Aprobar o prego de cláusulas administrativas particulares e o de prescricións técnicas (anexos a esta proposta) que rexerán o contrato e o proceso de adxudicación.

Terceiro.- Publicar no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra e no Perfil do Contratante o anuncio de licitación para que no prazo de 10 días naturais os interesados poidan presentar as súas ofertas.

Cuarto.- Dar traslado deste acordo aos departamentos municipais de Apoio Xurídico e Intervención.

\*\*\*

### **C) SOLICITUDE DE RITA SOLIÑO MARTÍNEZ S/CONCESIÓN DE NICHOS NO CEMITERIO MUNICIPAL DE ALDÁN.**

Vista a solicitude presentada en data 19.11.13 por RITA SOLIÑO MARTÍNEZ, DNI nº 76.810.157-R, con enderezo na Avda. de Vigo, nº 101-3ºD-Cangas, na que demanda a tramitación do correspondente documento no que se lle acredite a cesión administrativa de un nicho sito no bloque B, panteón nº 6-letra D, do Cemiterio do Aldán.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 15.6.11, acorda:

PRIMEIRO.- Aprobar a solicitude da Sra. Soliño Martínez, para concesión de un nicho no Cemiterio do Aldán.

SEGUNDO.- Que polos departamentos correspondentes se proceda á tramitación do correspondente documento de cesión administrativa de un nicho sito no bloque B, panteón nº 6-letra D, do Cemiterio do Aldán.

### **D) ACORDO S/REALIZACIÓN DE TURNOS DE ATENCIÓN Ó PÚBLICO OS XOVES E OS SÁBADOS NO REXISTRO MUNICIPAL DO CONCELLO DE CANGAS.**

De conformidade coa Resolución da Alcaldía de data 29 de outubro do ano 2012, na que se aproba a proposta de resolución da concelleira delegada de Persoal, referente ó horario establecido para o persoal do Concello de Cangas, así como, do listado de persoal para a atención ó público extensible, aparte dos sábados, tamén para os xoves.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, acorda adoptar o seguinte acordo:

\* Que polo Departamento de Persoal se informe, con carácter semanal, a quen lle corresponda facer o turno dos xoves ou sábados no rexistro municipal, para que non exista problemas por posibles baixas ou vacacións do persoal do Concello de Cangas.

### **ROGOS E PREGUNTAS.**

Non se formularon.

E non tendo máis asuntos de que tratar, rematou a sesión cando son as vinte horas e dez minutos do mesmo día, do que eu, secretaria, dou fe.